

PRESENTACIÓN

Este domingo imos a Sabucedo, onde se celebra o curro máis famoso de Galicia. Asombrosamente, o Coñece e Camiña nos seus xa 35 anos de existencia, aínda non pisara estas terras. Grazas ao empeño a asociación veciñal Codeseda Viva ([https:// codeseda. com/](https://codeseda.com/)) co apoio do Concello da Estrada e da Deputación de Pontevedra, o 10 de xuño do 2018, inaugurouse un sendeiro circular de 30 km que se homologou pola FGM como PR-G 197.

Imos camiñar unha parte deste PR-G 197, en concreto o tramo de Sabucedo a Codeseda.

A RAPA DÁS BESTAS DE SABUCEDO

A súa importancia é tal que desde 1963 é declarada Festa de Interese Turístico Nacional, e desde 2007 é unha das catro de Galicia que é de Interese Turístico Internacional.

Durante catro días, recóllense os cabalos que viven na serra en semilibertad para reunilos nun curro ou gran cercado de cemento, onde os aloitadores sen utilizar paus, cordas o outros utensilios (o que a diferenza doutras rapas) reducen as bestas para cortarles as crines.

A festa celébrase todos os anos a primeira fin de semana de xullo, reunindo a unha gran multitude que goza de diversas actividades que pode ver na súa páxina web oficial. ([www, rapadasbestas. gal](http://www.rapadasbestas.gal))

A RUTA

Tomaremos café en Codeseda e aproveitaremos para visitar a súa importante igrexa parroquial de San Xurxo, de ábside románico con dúas fermosas torres.

Despois temos un desplamiento de 10 minutos para chegar a Sabucedo, onde comezaremos a camiñar.

Empezaremos percorrendo, o importante núcleo de muíños de Vesacarballa, do S. XVI- XVII, recen-

tamente restaurados, e que están a moi poucos metros de Sabucedo.

Despois atravesaremos o pobo de Sabucedo para coñecer os seus lugares máis importantes que están adornados con grandes fotos de rapa. Á saída do pobo chegaremos ao recinto onde se celebra o curro.

Desde aquí, iniciaremos a ruta convencional que discurrirá toda a mañá por fermosísimas corredeiras con pouco desnivel, que poden ter bastante auga. Pasaremos por varias aldeas que nos permitirán realizar algunha parada de descanso e refuxio, se o tempo non é todo o bo que desexamos. En A Grela, visitaremos o Santuario de Guadalupe. Desde o 2015 recuperouse a tradición de ir en procesión, coa Virxe ao lombo, o 4 km que distan desde Codeseda.

Despois de comer, empezará outra zona completamente diferente: un longo tramo fluvial seguindo o río Umia e algún dos seus afluentes, sempre por un camiño fácil, salvo nun punto moi pequeno. A paisaxe é dunha gran beleza, con cheas de lugares onde non pararemos de facer fotos.

Cando esteamos a un quilómetro de Codeseda deixaremos o río para chegar ao lugar onde tomamos café, calculamos que sobre as 18 horas.

Xa de regreso, pararémonos en Pontevea para tomar algo e visitar a súa monumental ponte medieval sobre o río Ulla.

Distancia 19,7 Km. Desnivel de subida 300 metros

Guía organizador: David Jove




Teléfono: 981 213115
Correo: artabros@artabros.org



SOCIEDADE DE MONTAÑA
ARTABROS

COÑECE E CAMIÑA



**10 DE MARZAL DE 2019
DE SABUCEDO A CODESEDA
(Pontevedra)**

